



## Facultade de Educación e Traballo Social

### Grao en Traballo Social

#### Materias

##### Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O05G220V01101	Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural	1c	6
O05G220V01102	Ciencia política: Política e democracia	1c	6
O05G220V01103	Psicoloxía: Psicoloxía básica	1c	6
O05G220V01104	Fundamentos dos servizos sociais	1c	6
O05G220V01105	Introdución ao traballo social	1c	6
O05G220V01201	Dereito: Fundamentos xurídicos	2c	6
O05G220V01202	Estatística: Estatística aplicada á investigación social	2c	6
O05G220V01203	Socioloxía: Socioloxía xeral	2c	6
O05G220V01204	Epistemoloxía do traballo social	2c	6
O05G220V01205	Organización dos servizos sociais	2c	6

##### Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O05G220V01301	Psicoloxía: Desenvolvemento humano no ciclo vital	1c	6
O05G220V01302	Conceptos, teorías e métodos en traballo social	1c	6
O05G220V01303	Psicoloxía: Psicoloxía social	1c	6
O05G220V01304	Servizos sociais especializados I	1c	6
O05G220V01401	Dereito: Dereito e traballo social	2c	6
O05G220V01402	Habilidades sociais e de comunicación do traballo social	2c	6
O05G220V01403	Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social	1c	6

O05G220V01404	Política social	2c	6
O05G220V01405	Saúde, dependencia e vulnerabilidade	2c	6
O05G220V01406	Servizos sociais especializados II	2c	6

### Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O05G220V01501	Estrutura social	1c	6
O05G220V01502	Ética e traballo social	1c	6
O05G220V01503	Política social europea	1c	6
O05G220V01504	Proceso de planificación en traballo social	1c	6
O05G220V01505	Traballo social individual e familiar	1c	6
O05G220V01601	Habilidades, técnicas e instrumentos en traballo social	2c	6
O05G220V01602	Políticas públicas en España	2c	6
O05G220V01603	Socioloxía aplicada ao traballo social	2c	6
O05G220V01604	Traballo social grupal e comunitario	2c	6
O05G220V01605	Xestión de organizacións de benestar social	2c	6

### Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O05G220V01701	Prácticas externas: Practicum	1c	30
O05G220V01901	Avaliación de programas sociais	2c	6
O05G220V01902	Inglés para traballadores/as sociais	2c	6
O05G220V01903	Pedagoxía social para traballo social	2c	6
O05G220V01904	Sistemas de benestar social comparados	2c	6
O05G220V01905	Traballo social e cooperación ao desenvolvemento	2c	6
O05G220V01906	Traballo social e mediación	2c	6
O05G220V01907	Traballo social e ámbitos profesionais	2c	6
O05G220V01908	Traballo social na incorporación social	2c	6
O05G220V01909	Xénero, violencia e intervención social	2c	6
O05G220V01910	Xeriatría para traballadores/as sociais	2c	6
O05G220V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural

Materia	Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural			
Código	O05G220V01101			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa Dpto. Externo			
Coordinador/a	Braña Rey, Fátima			
Profesorado	Braña Rey, Fátima González Barreiro, Alicia			
Correo-e	fatimab@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	A materia está concibida como unha introdución á antropoloxía social e cultural. O seu obxectivo fundamental é proporcionar os instrumentos de análise básicos sobre aqueles feitos socioculturais que se achan na base das competencias que se deberán alcanzar para desenvolver a profesión de traballador/a social.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

### Código

A1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudiantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarles a tomar decisiones ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C6	Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociendo o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
C7	Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
C8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
C12	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
C13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades

C18	Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
C19	Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdoos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C24	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
D1	Capacidade de análise e síntese
D6	Coñecemento da cultura propia da comunidade
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D13	Traballo nun contexto internacional
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D22	Iniciativa e espírito emprendedor
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Coñece a antropoloxía social e cultural e as súas orientacións teóricas no contexto cultural actual.	A3 B2 C12 D1 A4 D8 D16
2. Coñece a natureza e trazos básicos da cultura humana.	A1 B2 C2 D1 C8 D6 D13 D16
3. Coñece os modos de transmisión dos elementos da cultura humana	A2 B2 C13 D1 A3 C24 D6 D9
4. É capaz de comprender as variadas estratexias de adaptación e económicas que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A4 B2 C18 D6 C20 D9 D15 D16
5. Comprende as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas de familia e parentesco que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A3 B2 C7 D6 D13 D15
6. Comprende as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas políticos e de exercicio do poder que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A3 B2 C6 D6 A5 C8 D13 C14 D15
7. Comprende as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas relixiosos e de pensamento que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A3 B2 C2 D6 A4 C8 D15 C19 D24
8. Analiza e comprende a diversidade de poboacións e grupos portadores de tradicións culturais diferentes.	A2 B2 C8 D6 A4 C20 D15 D24
9. Recoñece as transformacións e os cambios que veñen afectando o sistema de cultura popular de Galicia.	A3 B2 C2 D6 A5 C7 D9 C13 D24 C20
10. Demostra habilidades básicas para investigar e interpretar os elementos do sistema cultural de Galicia.	A4 B2 C12 D6 C24 D22

## Contidos

### Tema

1. A antropoloxía social e cultural: campo de estudo e orientacións teóricas	1.1. Concepto, obxecto e división da antropoloxía sociocultural. 1.2. Técnicas de investigación e orientacións teóricas da antropoloxía sociocultural.
2. Natureza e características da cultura	2.1. Concepto, trazos e niveis de cultura. 2.2. Conceptos afíns á cultura de relevancia antropolóxica.

3. Cultura e enculturación: a transmisión e a asimilación das tradicións culturais	3.1. Concepto, modos e límites da enculturación. 3.2. Mecanismos, axentes, medios e resultados da enculturación ou da socialización do individuo. 3.3.- Antropoloxía feminista, sexo e xénero.
4. Estudo do sistema sociocultural humano: análise da estrutura económica, social, política, ideolóxica (relixión e pensamento) do sistema sociocultural humano	4.1. A estrutura económica do sistema sociocultural: os modos de producción, distribución e consumo de bens. 4.2. A estrutura social do sistema sociocultural: matrimonio, familia, parentesco e filiación. 4.3. A estrutura política do sistema sociocultural: sistemas políticos non centralizados e sistemas políticos centralizados. 4.4. A estrutura ideolóxica do sistema sociocultural: a maxia, a relixión e os sistemas de crenzas.
5. Antropoloxía e comparación: culturas, etnias e grupos étnicos e culturais	5.1. Etnias e minorías étnicas e culturais 5.2. Multiculturalismo, integración e identidade étnica
6. Grupos étnicos e culturais no Estado español	6.1. A experiencia intercultural en España: inmigrantes e refuxiados. 6.2. Minorías e grupos marxinados: xitanos, pobres etc. e grupos de marxinados no Estado español.
7. O sistema de cultura da sociedade galega	7.1. Os elementos do sistema de cultura de Galicia. 7.2. As unidades de organización social da sociedade galega. 7.3. Cultura e identidade do pobo galego.
8. Transformación e cambio do sistema de cultura tradicional de Galicia	8.1. A transformación dos elementos do sistema de cultura tradicional de Galicia. 8.2. Os cambios nas unidades de organización social e no modo de vida doméstico do pobo galego.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	25	47
Traballo tutelado	20	36	56
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	4	5
Traballo	1	20	21

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descripción
Lección maxistral	A profesora da materia presentará, en sesións maxistrais, as bases teóricas e as directrices de estudo do programa de Antropoloxía social e cultural.
Traballo tutelado	O alumnado aprenderá realizando un traballo académico no que aplique os contidos teóricos e a metodoloxía propia da disciplina.

### Atención personalizada

### Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe					
Traballo tutelado	A través dun traballo continuado e o informe final o alumnado presentará os resultados da súa aprendizaxe en formato escrito.	40	A1	B2	C2	D1		
			A2	C8	D6			
			A3	C13	D13			
				C19	D15			
				C20	D16			
				C24	D22			
					D24			
Exame de preguntas obxectivas	Exame poderá ser tipo test, con respuestas curtas ou/e de desenvolvemento.	40	A3	B2	C2	D13		
			A4	C7	D15			
				C12	D22			
				C13	D24			
				C14				
				C18				
				C24				
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado realizará diversos exercicios que demostren a adquisición de coñecementos e a reflexión crítica.	20	A2	C8	D1			
			A4	C18	D6			
				C19	D16			

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

### **OBTENCIÓN DA NOTA FINAL DO ALUMNADO**

A nota final será o resultado da suma das metodoloxías descritas para a avaliação sempre que se aprobe o exame e o traballo tutelado. Se non se aprobá exame e traballo non se sumarán as cualificacións de cada avaliação e suspenderase a materia. Igualmente aínda aprobando exame e traballo será necesaria unha nota mínima de 5 para aprobar a materia.

O alumnado non presencial terá o mesmo tipo de metodoloxías de avaliação.

O alumnado non presencial deberá solicitar a avaliação global antes do 7 de outubro.

### **SEGUNDA CONVOCATORIA**

As partes da materia superadas na 1<sup>a</sup> oportunidade, non serán obxecto de avaliação na 2<sup>a</sup>, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico. Mais para aprobar a materia deberase aprobar cada proba descrita nesta guía de forma independente, non sumando as notas se non estiveran aprobadas.

---

As datas dos exámenes pódese consultar no seguinte link: <http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

No caso de detección de plaxio ou posibles comportamentos anómalos ou deshonestos, nalgúnha proba/traballo/test/exame/actividade a cualificación final da materia será Suspenso (0) e o feito será comunicado ao Decanato do Centro para que adopte as medidas oportunas.

Ante calquera contradición que se puidera dar entre as distintas versións da guía, por mor dalgún erro na tradución, a versión que prevalecerá é a versión na lingua galega.

*a. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)*

*b. Para as materias que forman parte do curso ponte, debería incluirse unha referencia específica para ter en consideración a especificidade e experiencia profesional deste colectivo: □Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliação adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliação que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio□.*

*Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).*

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Méndez, L., **Siete claves para una introducción a la Antropología**, 1<sup>a</sup>, Sintesis, 2019

Méndez, L., **Antropología feminista**, 1<sup>a</sup>, Sintesis, 2010

Ramírez Goicoechea, E., **Etnicidad, identidad e interculturalidad**, 1<sup>a</sup>, Ramón Areces, 2010

Díaz de Rada, A., **Cultura, antropología y otras tonterías**, 1<sup>a</sup>, Trotta, 2010

### **Bibliografía Complementaria**

Velasco, H. y Díaz de Rada, A. (1997), **La lógica de la investigación etnográfica.**, 1<sup>a</sup>, Trotta, 1997

Lagunas, D., **El quehacer del antropólogo**, 1<sup>a</sup>, Bellaterra, 2018

Gondar, M., **A morte**, 1<sup>a</sup>, Museo do Pobo Galego, 1987

---

## **Recomendacións**

---

## **Outros comentarios**

Esta guía ten carácter orientativo podendo adaptarse ás incidencias que se puideran dar no transcurso do cuadrimestre.

Recoméndase ao alumnado que teña presentes en todo momento as normas APA pois a omisión de citas e referencias bibliográficas nos exercicios e traballo será considerada plaxio e por tanto se avaliará a proba cunha nota de 0.

Na plataforma Moovi, o alumnado poderá atopar a bibliografía completa e as instrucións para a realización das diferentes probas de avaliación.

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Ciencia política: Política e democracia

Materia	Ciencia política: Política e democracia			
Código	005G220V01102			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descriptores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	López Viso, Mónica			
Profesorado	López Viso, Mónica			
Correo-e	mviso@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/mviso">http://webs.uvigo.es/mviso</a>			
Descripción xeral	Materia do programa English Friendly. Os/as estudiantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as tutorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			
	A materia pretende ofrecer unha visión global dos grandes temas dos que se ocupa a ciencia política. Así mesmo, proporciona unha introducción ao sistema político de España. O obxectivo é que os/as estudiantes alcancen un coñecemento básico que lles permita describir, explicar e comprender a realidade política que lles rodea.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

### Código

A1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
C4	Responder a situacións de crise valorando a urgencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para fazer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C24	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas lingua nativas
D6	Coñecemento da cultura propia da comunidade
D7	Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
D8	Capacidade de xestión da información
D10	Toma de decisións
D13	Traballo nun contexto internacional
D16	Razoamento crítico
D18	Aprendizaxe autónoma

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer un conxunto de ferramentas analíticas e conceptuais para describir, explicar e comparar a A1 realidade política.	A1	D1
Coñecer a xénese, a evolución e a consolidación da democracia.	C13 C20	D6 D13 D16
Coñecer e comprender os grandes temas da ciencia política e a configuración institucional dos sistemas políticos contemporáneos.	A1 C24	C4 D1 D3 D8 D13
Ser capaz de analizar e comprender os procesos políticos contemporáneos.	A3 B3	D1 D2 D3 D13
Coñecer o sistema político e as súas especificidades en España.		D6 D16
Ser capaz de analizar e valorar a influencia da política e das ideoloxías, e as súas implicacións no traballo social.		D3 D8
Ser capaz de comprender e valorar distintos discursos.		C13 C14
Ser capaz de percibir e interpretar acontecementos con flexibilidade.	A2 A3	C20 C24 D3 D16
Ser capaz de desenvolver criterios de avaliación e aplicalos ao proceso de aprendizaxe.	A4 A5	C4 C20 D2 D7 D10
Demostrar habilidade na expresión oral de ideas propias e análises reflexivas en público.		D3 D4 D18

### Contidos

#### Tema

1. Introducción á Ciencia Política. Os grandes temas da ciencia política.	Que é a política? Democracia e ditadura. As fontes do conflito político.
2. O poder.	Definición de poder. O abuso de poder. Corrupción e poder. A falta de poder.
3. O Estado e as súas institucións.	Definición do Estado. Atributos e obxectivos do Estado. As institucións do Estado.
4. A democracia: que é?	Que é a democracia? Propósitos e facetas da democracia.
5. A democracia: como funciona?	Como funciona a democracia? Deseño institucional e sistemas electorais. A sociedade e a política: votantes, partidos e grupos de interese. A cultura política.
6. O sistema político español contemporáneo.	Antecedentes históricos: a transición. Principais institucións políticas da democracia española. O estado autonómico. O proceso político. España no mundo.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	12	34
Traballo tutelado	7	14	21
Seminario	6	12	18
Prácticas con apoio das TIC	2	10	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	15	19
Presentación	2	10	12
Exame de preguntas obxectivas	1	16	17
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	16	17

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	<b>Descripción</b>
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiante.
Traballo tutelado	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Poderanse introducir metodoloxías ou técnicas de traballo colaborativo.
Seminario	Reunións de grupo pequeno que o estudiante mantén co profesorado da materia para asesoramento e desenvolvemento de actividades programadas da materia.
Prácticas con apoio das TIC	O alumnado para o adecuado seguimento das prácticas, así como da materia en xeral, deberá conectarse ao espazo virtual da materia. Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e Traballo social.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Probas</b>	<b>Descripción</b>
Presentación	Resolución das dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contenido, trabajo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudio e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución das dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contenido, trabajo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudio e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

<b>Avaliación</b>		<b>Descripción</b>	<b>Cualificación</b>	<b>Resultados de Formación e Aprendizaxe</b>
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condiciones establecido/as polo docente	20	B3 D6 D8 D10 D16	D2 D6 D8 D10 D16
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudiantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	20	A2 A3 A4 A5	B3 C4 D1 C13 D3 C14 D8 C20 D16 D18
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	40		C20 D13 C24
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos/as deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada.	20		C20 D13 C24

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A asistencia regular ás clases presenciais (mínimo un 80%) forma parte da Avaliación Continua da materia. A avaliação será preferentemente CONTINUA, o estudiantado que renuncie á avaliação continua poderá optar pola Avaliación GLOBAL.

Deberá comunicalo aos docentes no prazo establecido (e sempre antes de finalizar o mes de outubro).

#### **AVALIACIÓN CONTINUA:**

- A avaliação das/os estudiantes matriculadas/os en a materia farase atendendo aos criterios explicados na guía docente.
- A avaliação continua implica unha asistencia mínima a un 80% das aulas (GG, GM e GP).
- A avaliação será preferentemente continua, o estudiantado que renuncie á avaliação continua poderá optar pola avaliação global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido.

#### **AVALIACIÓN GLOBAL:**

- Deberán realizar as prácticas (texto +exposición en formato vídeo) seguindo as indicacións das dúas rúbricas de evaluación dispoñibles na plataforma Moovi. (20%)
- Exame de preguntas obxectivas. (40%)
- Exame de preguntas de desenvolvemento. (40%)

#### **IMPORTANTE PARA TODOS AS/OS ESTUDANTES:**

Para superar a materia, os/as estudiantes deberán aprobar cada unha das partes de evaluación  probas teóricas (exames) e as prácticas (resolución de exercicios + presentacións) de forma separada cun mínimo de cinco, para poder sumar as notas obtidas en ambas as partes para determinar o resultado final.

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispoñer dunha FOTOGRAFÍA actualizada do alumnado (1) que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade no espazo "datas exames".

Toda a información da materia estará dispoñible na plataforma Moovi. <https://moovi.uvigo.gal>

#### **2ª OPORTUNIDADE - Convocatoria extraordinaria**

As probas (parte teórica ou parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de evaluación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese curso académico. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª oportunidade, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria extraordinaria.

#### **MODALIDADE de AVALIACIÓN GLOBAL e CURSO PUENTE**

As e os estudiantes que decidan optar pola avaliação global e Curso Puente, deberán poñerse en contacto coa profesora para notificar esta opción a comezos de curso e sempre antes do prazo establecido.

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliação adaptaranse para alumnado non asistencial e do curso ponche garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliação que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponche ou profesionais en exercicio.

---

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo).

---

(1) A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma. A base de lexitimación para o tratamento deste dato realizase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPD no que o tratamiento é necesario para o exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamiento baseados na Lei 39/2015 no RD1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario. O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos. Más información:<https://www.uvigo.gal/proteccion-dato>.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

SODARO, MICHAEL J., **Política y ciencia política: una introducción**, 2º, McGraw-Hill, 2010

SARTORI, G., **La Democracia en treinta lecciones**, Taurus, 2009

VALLÈS, J.M. y BALLART, X. (ed.), **Política para apolíticos : contra la dimisión de los ciudadanos**, Ariel, 2012

##### **Bibliografía Complementaria**

DAHL, R., **La democracia, una guía para los ciudadanos**, Taurus, 1999

DUVERGER, M., **Introducción a la política**, Ariel, 1983

## **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

Toda a información da materia estará dispoñible na plataforma Moovi. <https://moovi.uvigo.gal/>

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Psicoloxía: Psicoloxía básica

Materia	Psicoloxía: Psicoloxía básica			
Código	O05G220V01103			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinalle FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Vázquez Figueiredo, María José			
Profesorado	Vázquez Figueiredo, María José			
Correo-e	figueiredo@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	Esta materia representa unha introdución aos procesos psicolóxicos básicos, como percepción, atención, aprendizaxe, memoria, emocións e motivacións.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

### Código

A1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudiantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudiantes desenvolvan aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarllles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urgencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para fazer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
C9	Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
C19	Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdoos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
C22	Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
C24	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados

C25	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas lingua nativas
D6	Coñecemento da cultura propia da comunidade
D7	Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D20	Creatividade
D23	Motivación pola calidade
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Coñecer os procesos e os elementos fundamentais que configuran o comportamento humano e a perspectiva psicolóxica sobre eles	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 C8 C22 C24	C2 C3 D3 D4 D8	D1 D2 D3 D4 D9 D11 D14 D16 D18 D19
2. Analizar e utilizar o coñecemento actual para mellorar nos marcos do traballo.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B6	C3 C8 C9 C14 C19 C22 C24 C25	D1 D2 D3 D4 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D16 D17 D18 D19 D20 D24

3. **Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios e avances nas súas condicións de vida.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B5	C2 C3 C9 C14 C19 C22 C24 C25	D1 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D14 D15 D16 D18 D20 D24
4. Promover o crecemento, o desenvolvemento e a independencia das persoas.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B5 B6	C2 C3 C4 C8 C9 C14 C19 C24	D1 D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D23 D24
5. Intervir con persoas e grupos para axudarllles a tomar decisións ben fundamentadas.	A3 B5	B2	C2 C3 C4 C22 C24 C25	D3 D4 D7 D9 D10 D11 D15 D17 D18 D19 D20 D23 D24
6. Traballar con comportamentos que representan un risco para os posibles usuarios, identificando circunstancias que configuran eses comportamentos e elaborando estratexias que os modifiquen.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B5 B6	C2 C3 C4 C9 C14 C19 C24 C25	D1 D3 D4 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D19 D23 D24

## Contidos

### Tema

1. O comportamento humano: perspectiva psicolóxica.	Obxecto da psicoloxía. Perspectivas psicolóxicas. Ramas da psicoloxía.
---	--

2. Sensación, percepción e atención	Sensación e percepción. Detección de estímulos. Procesamiento. Atención.
3. Memoria	Modelos de memoria. Sistemas de memoria. Estrategias de memoria. Esquecemento.
4. Aprendizaxe	Condicionamento clásico e instrumental. Outras formas de aprendizaxe humana.
5. Pensamento e intelixencia.	Razoamento. Creatividade. Intelixencia: modelos.
6. Linguaxe	Actividade lingüística. Linguaxe escrita e oral. Comunicación non verbal.
7. Motivación	Avaliación. Modelos.
8. Emoción e tensión.	Emoción e regulación das emocións. Tensión e afrontamiento.
9. Deterioración cognitiva normal e patolóxico.	Envellecemento. Deterioración da memoria. Demencias.
10. Psicoloxía da personalidade	Teorías. Avaliación. Trastornos psicolóxicos. Tratamentos.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	1	2
Lección maxistral	13	13	26
Seminario	6	12	18
Traballo tutelado	7	21	28
Debate	1	2	3
Aprendizaxe colaborativa	1	1	2
Exame de preguntas obxectivas	3	21	24
Cartafol/dossier	5	10	15
Estudo de casos	8	24	32

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Efectúase unha introdución xeral á materia
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais exponse os contidos teóricos da materia. O profesorado proporcionará todo o material explicado na clase. Ao longo do proceso de instrucción introduzese metodoloxía que facilitan o desenrollo da metamemoria e metacoñecemento. Tamén se realizan prácticas pedagógica en grupo de traballo que faciliten a internalización e aplicación dos contidos curriculares. O traballo en equipo aparece vinculado ao proxecto de innovación docente da Facultade de Educación e do Traballo Social.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico. Empregaránse como complemento das sesións maxistrais. Consistirán na revisión de diferentes materiais (tests, estudios científicos, programas de intervención, estudios de caso etc.) relacionados cos temas explicados previamente.

Traballo tutelado	<p>Os estudantes traballan por equipos, e guiados por un plan de traballo, que concreta as actividades, as entregas e os prazos. As fases e actividades do traballo tutelado son catro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>1ºfase. Revisión bibliográfica;</li> <li>2ºfase de deseño do produto que se pon ao servizo da comunidade;</li> <li>3ºfase. De verificación do producto;</li> <li>4ºfase. De exposición e presentación do producto.</li> </ul> <p>Este plan de traballo téñeno a disposición os/as estudantes na MOOVI.</p> <p>O desenrollo de cada subproxecto, que desenvolve cada equipo de traballo, no caso de que o equipo decida adherirse a metodoloxía de aprendizaxe servizo, en colaboración coas entidades sociais e culturais que colaboran. Durante a elaboración do traballo tutelado poderán levarse a cabo saídas de campo vencelladas cos obxetivos da materia e coñecer as institucións que contribúen a coñecer mellor as necesidades sociais dos colectivos cos que se vai a traballar.</p> <p>O seguimento do traballo tutelado farase na aula, nas horas de prácticas dispostas para o caso, feedback realizase de forma inmediata a cada equipo nos seminarios; e na fase inicial o docente elabora un informe coas recomendacións de mellora da calidade dos subproxectos, que estará disponible na MOOVI.</p> <p>As entregas serán sucesivas e progresivas, efectúanse na MOOVI.</p> <p>Os estudantes que participan desta modalidade adhírense a metodoloxía de Aprendizaxe por proxectos.</p> <p>Asemade, os/as estudantes que o desexen poderán participar no Proxecto Aprendizaxe servizo.</p> <p>Para os estudantes de avaliación global</p> <p>Elaboran un proxecto de forma individual, seguindo as mesmas fases que os estudantes asistenciais (de avaliación continua). As actividades e entregas vencellas ao proxecto seguen os mesmos prazos que os/as estudantes asistenciais. A exposición realizase o día do exame oficial da materia, ou ben o día de exposición dos proxectos dos/as estudantes asistenciais. A valoración do traballo require indefectiblemente cumplir coas entregas establecidas no plan de traballo e expoñer o proxecto realizado. Ademáis o estudiantado o día do exame o estudiante debe responder a unhas preguntas nas que debe aportar unha explicación do procedemento que levou a cabo para realizar dito traballo.</p> <p>Recoméndase pórse en contacto co/a docente para planificar o traballo tutelado, dende o inicio da materia.</p>
Debate	<p>O/a estudiante ten a oportunidade de incorporar á docencia da materia, material audio-visual ou outras fontes documentais que supóna unha achega de interese para a materia. Posteriormente, se debate en grupo a achega do material.</p> <p>Se terán en consideración todas as actividades formativas e culturais, que se realicen la materia e que contribúan a adquirir unha visión interdisciplinar dos procesos psicolóxicos básicos.</p>
Aprendizaxe colaborativa	Emprégase o aprendizaxe e o traballo cooperativo para organizar as actividades dentro da aula, de maneira que se fortaleza a cohesión grupal e tamén se desenrolen as habilidades de traballo en equipo.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Seminario	Farase o seguimento nos Grupos Pequenos, Medios e medianos, tanto na aula e a través de correo electrónico ou MOOVI. Os estudantes e grupo de traballo que o requiran poderán ser atendidos nunha tutoría presencial no despacho do docente, o ben na despacho do CAMPUS REMOTO do/a docente, sala 2651.
Traballo tutelado	Farase o seguimento nos Grupos Pequenos, Medios e medianos, tanto na aula e a través de correo electrónico ou MOOVI. Os estudantes e grupo de traballo que o requiran poderán ser atendidos nunha tutoría presencial no despacho do docente, o ben na despacho do CAMPUS REMOTO do/a docente, sala 2651.

## Avaliación

Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Seminario	Dossier de prácticas. Serán sesións más prácticas onde se verán diferentes materiais (textos orixinais dos autores, tests, programas de intervención, vídeos etc.) relacionados coas temáticas da materia. Farase un control da asistencia.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B5 B6 C9	C2 C3 C4 C8 D7	D1 D2 D3 D4 D7 C14 C22 D9 D10 D12 D16 D18
Traballo tutelado	Traballo de revisión bibliográfica sobre os descritores da materia. As principais achegas que se obteñan da revisión teórica e estudo de campo deben plasmarse nun material audiovisual, que no caso de participar da metodoloxía APS, será compartido coa entidade que colabora.	20	A3 A4 B1 B2 B3 B5 B6	C3 C19 C22 B5 D4 D7	D1 D2 D3 D4 D7 D8 D9 D10	D1 D2 D3 D4 D7 D8 D9 D10 D11 D14 D16 D18 D23
	O alumnado realizará 1 traballo, en grupo, que será titorizado nas sesións de Pequeno Grupo.					
	O traballo debe ser presentado e defendido.					
	Os estudantes que acudan a avaliación global, realizarán un proxecto de forma individual, cumprindo as mesmas fases e entregas que se requieren na avaliación continua, salvo a defensa do traballo que se realizará o mesmo día da data oficial do exame, onde se preguntará, de forma escrita, polo procedemento seguido na elaboración.					
Debate	Participación en encontros científicos-técnicos propostos pola súa vinculación coa materia.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B6 C22	C3 C4 C8 D4 D6	D1 D2 D3 D4 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D24
	Achegas de material científico-técnico que axude á construcción do coñecemento da materia.					
	Esta actividade é obrigatoria para o alumnado que aspire a Matrícula de Honra					
Exame de preguntas obxectivas	Preguntas de coñecemento.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B2 C22	C8	D1 D2 D3 D4 D8 D9 D10 D16 D18
Estudo de casos	Se evalúa a capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos, en supostos que teñen como obxectivo a relación e interacción entre os procesos psicológicos básicos e o comportamento humano.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B2 C22	C8	D1 D2 D3 D4 D8 D9 D10 D16 D18

#### Outros comentarios sobre a Avaliación

**Para a avaliação continua:** Presencialidade nos seminarios e nas titorías de grupo pequeno ao redor do 75 %.

A proba de preguntas obxectivas, para o alumnado asistente, pódese facer por parciais, a medida que se va explicando o temario. A proba tamén inclúe estudos de caso.

En caso de non superar estos parciais, o alumnado deberá efectuar o exame (obrigatorio) de toda a materia do temario, o

cal se efectuará o día estipulado para o exame final (véxase, taboleiro de anuncios e páxina Web da Facultade).

**Para avaliación global.** O exame e os estudos de caso (obrigatorio) de toda a materia do temario será o día estipulado para o exame final (taboleiro de anuncios e páxina Web de la Facultade). Con respecto a presentación e defensa das prácticas os estudiantes deben responder por escrito a preguntas que se lle formulen, sobre o proceso de resolución das prácticas e o produto final presentado.

Para a **convocatoria de xullo**, gardarase (no caso de telos superados); a puntuación dos seminarios, do traballo tutelado e do exame. As datas de exame pódense consultar no Taboleiro de anuncios da Facultade de Ciencias de Educación ou na páxina Web da Facultade no seguinte enlace:<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>"  
As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Por último, sinalar que esta materia, en liña co plan estratéxico da Facultade, desenvolve prácticas e traballos que abordan a diversidade.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Ballesteros-Jiménez, S. (2017), **Psicología de la memoria humana**,

Ballesteros, S. y García, B. (1996), **Procesos psicológicos básicos**.

Echeburúa, E., y Amor, P.J.(2019), **Memoria traumática: estrategias de afrontamiento adaptativas e inadaptativas**, Terapia Psicológica, 37(1), 71-80,

